

CONSELLOS PARA A BUSCA DE PRÁCTICAS EUROPEAS EN EMPRESA

O alumnado de grao e master da Universidade de Santiago de Compostela dispón de financiamento da UE para realizar prácticas profesionais en entidades de acollida (empresas e outros organismos) do entorno europeo grazas ao programa Erasmus Plus.

Unha das finalidades dos programas de prácticas en empresas internacionais financiados con fondos europeos é potenciar a iniciativa do estudante e así favorecer a súa habilidade para superar os procesos de selección, aumentando as súas competencias para a inserción laboral. Ademais, o/a candidato/a é quén mellor pode decidir aspectos como o país, a cidade e o ámbito económico no que lle gustaría facer as súas prácticas.

Por todo isto, e porque a Universidade de Santiago de Compostela, de acordo coas recomendacións da SEPIE, non traballa con axencias intermediarias, apóstase pola autonomía das persoas candidatas na busca de ofertas de prácticas.

Ti podes decidir en que país e empresa/institución queres realizar as prácticas e aquí proporcionámosche ideas e recomendacións para que a túa busca sexa máis doada e efectiva.

Recursos de interese na Universidade de Santiago de Compostela

Podes contactar coa Área de Orientación Laboral da USC, onde poden orientarte na procura de prácticas e ofrecer recursos para encontrar empresas ou institucións onde realizalas:

<https://www.usc.gal/gl/servizos/area/orientacion-laboral-emprego>

Busca do país:

É interesante que consultes o seguinte enlace onde atoparás información adicional sobre as condicións de vida e traballo nos distintos países europeos: https://eures.ec.europa.eu/living-and-working/living-and-working-conditions_en

Información sobre o mercado de emprego nos distintos países da UE:

http://www.sepe.es/contenidos/personas/encontrar_empleo/empleo_europa.html

Busca de empresa.

Contacta directamente coa empresa e lembra que a iniciativa é unha competencia laboral especialmente valorada.

Busca a empresa empregando os teus propios recursos, seguramente tes moitos máis dos que pensas, aquí tes algunhas propostas:

- Contactos persoais ou familiares: se tes amigos ou coñecidos que estean traballando ou realizando prácticas en Europa, pregúntalles pola posibilidade de realizar prácticas nas súas empresas.

- Contactar con docentes universitarios/as: particularmente se estás interesado/a en prácticas relativas á investigación, o profesorado pode ter contactos noutras Universidades que che resulten útiles.
- Participaches nalgún programa de mobilidade de estudos, por exemplo, Erasmus+? Nese caso tes moito avanzado, coñeces o país e tes contactos tanto persoais como administrativos, polo que podes pórte en contacto coas persoas que coñeceras por se soubesen de empresas que se axustan ao teu perfil, ou contactar coa Universidade onde realizaches a túa estadía, quizais poidan informarte.

Recursos na rede

Buscadores de prácticas:

<http://erasmusintern.org>
<https://ec.europa.eu/eures/eures-searchengine>
<http://www.europlacement.com/>
<http://www.kapstages.com/index.php?mode=ES>

Para buscar empresas Europeas:

<http://www.greatplacetowork.es/index.php>
www.kompass.com/es
www.europages.com
<http://www.recruitingerasmus.com/>
<http://ec.europa.eu/social/yourfirsteuresjob>

Ofertas de prácticas da rede Universia:

<http://erasmusinandout.universia.es/>

Ofertas de bolsas da rede Leo-net:

<https://leonet.joeplus.org/en/offers/>

Ofertas de bolsas da rede IAGORA:

<http://www.iagora.com>

Prácticas no Reino Unido:

<http://www.placement-uk.com/>
<http://www.espauk.com/>

Prácticas en Francia:

www.directetudiant.com

Prácticas en Alemaña:

www.praktikum-service.de

Prácticas en Finlandia:

http://www.aarresaari.net/index.php?id=1&lang_id=1

Contactar coa empresa:

O/a estudante debe preparar un correo, preferiblemente no idioma da empresa, expresando a súa vontade de realizar prácticas. Para informar á empresa de en que consiste o programa Erasmus+ Prácticas (*Erasmus+ Traineeship*) pode enviarse a ligazón á seguinte páxina:

https://ec.europa.eu/programmes/erasmus-plus/opportunities-for-individuals/trainees/students_en

Hai exemplos de cartas de presentación e modos de redactar un CV seguindo as costumbres propias de cada país:

http://www.sepe.es/contenidos/personas/encontrar_empleo/empleo_europa.html

Tamén debes saber que existe un modelo de Euro-Currículo que podes facer online:

<http://europass.cedefop.europa.eu/>

Dende o SRE podemos ademais facilitarche unha carta-presentación que saliente a túa condición de estudante da USC, que a túa estadía estará avalada polo programa Erasmus+ da Unión Europea, e que de realizar as prácticas estarías obrigado/a á un seguro de accidentes e responsabilidade civil. Para pedir a carta escribe un correo-e a erasmus.practicas@usc.es co teu nome, apelidos, DNI e titulación que estás a cursar.